

MÁSTER EN GOBERNO LOCAL E POLÍTICAS PÚBLICAS INNOVADORAS

CONVOCATORIA PARA A REALIZACIÓN DO TRABALLO FIN DE MÁSTER (TFM) PARA O CURSO ACADÉMICO 2024-2025

1. MARCO XURÍDICO

A realización do Traballo de Fin de Máster [en adiante, TFM] do Máster en Goberno Local e Políticas Públicas Innovadoras está regulada pola Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos de Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela (Consello de Goberno da USC de 10 de marzo de 2016), a Resolución reitoral sobre procedemento de avaliación previa de traballos de fin de estudos e outros traballos académicos no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais (Consello de Goberno da USC de 7 de maio de 2021), a Resolución reitoral do 27 de xuño de 2024 pola que se publica a Convocatoria Xeral de Matrícula para o curso académico 2024-2025 e por esta mesma convocatoria.

En virtude da normativa vixente da USC e en función do acordado na reunión da Comisión Académica do Máster en Goberno Local e Políticas Públicas Innovadoras do 11 de novembro de 2024, convócase o procedemento xeral para a realización de TFM no curso académico 2024- 2025.

2. OBXECTIVO

O TFM ten como obxectivo que o alumnado acredite os coñecementos e as destrezas adquiridas durante os estudos do Máster en Goberno Local e Políticas Públicas Innovadoras consonte ao establecido na memoria do título.

3. DURACIÓN

Segundo o plan de estudos da presente titulación, o TFM ten unha carga docente de 6 créditos ECTS.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para poder realizar o TFM, o alumnado deberá estar matriculado no presente curso na materia TFM (P3451107). Para proceder á defensa do TFM será requisito necesario ter superados todos os demais créditos do máster, incluídas as prácticas.

5. CONVOCATORIAS

A matrícula dará dereito ao depósito e defensa do TFM en tres períodos (febreiro/xullo/setembro), cun máximo de dúas oportunidades. O alumnado matriculado no TFM que non deposite o traballo nas oportunidades previstas nesta convocatoria obterá a cualificación de Non Presentado. Dita cualificación computará aos efectos de consumir o número máximo de convocatorias.

O alumnado matriculado no TFM que depositara o traballo e que non se presentara á súa defensa obterá a cualificación de suspenso nesa oportunidade. Cómpre lembrar que o número máximo de convocatorias -en diferentes cursos- que poderá consumir o alumnado será de catro.

O alumnado que decida non defender o TFM neste curso académico poderá solicitar a renuncia á convocatoria a través da súa secretaría virtual nos prazos establecidos na convocatoria de matrícula do curso 2024-2025 –do 22 de maio ao 12 de xuño para a oportunidade de xullo e do 18 ao 28 de xullo para a oportunidade de setembro-. A renuncia non xerará dereitos de devolución de prezos públicos.

6. ALUMNADO QUE CONTINUA MATRICULADO NO TFM DENDE O CURSO ANTERIOR

Aquel alumnado que cursou o máster en anteriores edicións e cumpre os requisitos establecidos no punto 4, poderá optar a defender o TFM na oportunidade de febreiro. De forma xeral, o alumnado que opte por concorrer á oportunidade de febreiro continuará co titor/a asignado en cursos anteriores. O alumnado deberá comunicar por escrito á coordinadora do máster (a través do email: natalia.paleo.mosquera@usc.es) o seu desexo de defender o TFM na oportunidade de febreiro no prazo de 5 días hábiles desde a publicación desta convocatoria. A persoa coordinadora do máster solicitará aos docentes afectados/as unha confirmación de se poden continuar titorizando ao alumno/a no presente curso. En caso de que algúns dos/as docentes non poidan continuar titorizando ao alumno/a ou se produza algunha situación excepcional pola cal o/a docente afectado/a non estea en activo no curso presente (xubilación, comisión de servizos, baixa médica, etc.) a comisión académica do máster asignaralle ao alumno/a un novo titor/a para concorrer a oportunidade de febreiro. A persoa coordinadora do master comunicará a todo o alumnado que solicitou concorrer a esta oportunidade o titor/a asignado/a.

Aquel alumnado que deposite o traballo na oportunidade de febreiro e non se presente á súa defensa obterá a cualificación de suspenso. Neste caso, o alumnado poderá optar por presentar o TFM nunha das outras dúas oportunidades restantes para o curso 2024-2025 (xullo ou setembro), cuxo procedemento será establecido nunha convocatoria xeral posterior.

Aquel alumnado de edicións anteriores matriculado na materia TFM (P3451107), que non participe na oportunidade de febreiro, deberá comunicarlle igualmente á coordinadora (a través do correo electrónico natalia.paleo.mosquera@usc.es) antes do día 6 de febreiro ás 14:00h se desexa seguir co mesmo titor/a do curso anterior. Desde a coordinación do master solicitarase aos docentes afectados/as unha confirmación de que desexan continuar titorizando ao alumno/a. De non solicitar manter o mesmo titor/a ou no caso de que o titor/a anterior non desexe seguir titorizando ao alumno/a –eventualidade que será comunicada ao alumno/a correspondente-, pasarán ao procedemento xeral de asignación (seguinte punto).

7. PROCEDEMENTO XERAL DE ASIGNACIÓN DE TITOR/A

Todo o profesorado que ten docencia asignada no Máster poderá dirixir TFM e farao, preferentemente, sobre temas relacionados coa docencia que impartiu. Para a escolla/asignación de titoras/es, o día 11 de febreiro, publicarase no Taboleiro Electrónico da USC a listaxe de titoras/es dispoñibles con indicación do número de TFM asumibles por cada un/ha (Anexo I), así como a relación provisional de matriculados/as (identificados mediante DNI/Pasaporte), ordenada en función da súa cualificación media, calculada segundo o protocolo do SUG (Anexo II). Aos efectos do cálculo da cualificación media, tomarase como referencia a que figure no expediente da/o alumna/o ao peche de actas do primeiro cuatrimestre do curso 2024-25. Se alguén está descontente coa cualificación media que figure na listaxe publicada poderá presentar reclamación perante a secretaría do decanato da facultade (politicas.decanato@usc.gal) no prazo de 3 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da listaxe de notas. Unha vez finalizado o prazo de reclamación, publicarase a relación definitiva de matriculados/as ordenada en función da súa cualificación media.

Durante a segunda quincena de febreiro, as persoas matriculadas do TFM serán convocadas para elixir o titor/a, en sesión pública e presencial, no Seminario 2.2 da Facultade de Ciencias Políticas (espazo habitual de clases deste máster). Estarán presentes no acto a coordinadora do máster, Profa. Natalia Paleo Mosquera e un/ha docente que sexa membro da comisión académica do máster.

Quen por causas xustificadas non poida asistir ao acto de adxudicación, poderao comunicar mediante correo electrónico -ou outro medio válido-, á coordinadora do máster (natalia.paleo.mosquera@usc.es) xustificando a incomparecencia e solicitando que o/a substitúa outra persoa da súa elección debidamente identificada. Esta solicitude deberá ser enviada antes das 23:59 horas do día anterior á adxudicación.

Durante o acto de asignación, chamarase ás persoas admitidas seguindo a orde de prelación da nota media, de maior a menor,

quen irán expresando a súa preferencia en función da dispoñibilidade de titoras/es.

O resultado da asignación de titor/a publicárase nunha resolución provisional no Taboleiro Electrónico da USC. Quen estea descontento coa adxudicación poderá presentar unha reclamación no prazo de 3 días hábiles. Finalizado o prazo de reclamación, publicárase a asignación definitiva de titores/as, que se fará pública do mesmo xeito.

Unha vez asignada a/o titor/a, non se poderán realizar cambios, salvo casos excepcionais debidamente xustificadas e, en todo caso, autorizados pola comisión académica do máster. Aos alumnos/as matriculados que non asistan nin designen un representante, o coordinador do máster asignaralles un titor/a entre o persoal docente que non cubra a cota de traballos.

8. CALENDARIO

Na seguinte táboa recóllense as datas de depósito e defensa dos TFM para o curso 2024/2025:

	Período de Febreiro	Período de Xullo	Período de Setembro
Prazo para realizar o depósito do TFM	Do 27 de xaneiro ao 5 de febreiro de 2025	Do 9 ao 18 de xuño de 2025	Do 21 de xullo ao 5 de setembro de 2025
Datas de defensa dos TFM	Do 10-21 de febreiro de 2025	Do 23 de xuño ao 18 de xullo de 2025	Do 8 ao 16 de setembro de 2025

Dentro dos prazos establecidos, os/as interesados/as en defender o traballo deberán depositalo a través da secretaría virtual. Na portada do traballo, ademais do nome do autor/a, deberá figurar o título do traballo en galego, castelán e inglés. A presentación do TFM deberá respectar as directrices de formato que se establezan na guía docente do TFM.

9. DEFENSA DO TFM, TRIBUNAIS E SISTEMA DE AVALIACIÓN

O TFM será avaliado por un tribunal formado por profesorado da titulación e presenza, se procede, dalgún profesional de recoñecido prestixio -con voz, pero sen voto-. A comisión académica do máster determinará a composición do tribunal e o número de tribunais dependendo do número de traballos presentados para defensa en cada oportunidade. Como norma xeral, o profesorado non poderá formar parte dun tribunal que avalíe ao alumno/a ao que lle titorizaron o TFM.

O alumno/a deberá achegar tres copias impresas do TFM (depositadas na secretaría do decanato).

A defensa do traballo requirirá un informe previo e preceptivo do titor/a (Anexo V) que emitirá nun prazo non superior a 3 días hábiles desde o depósito do TFM e porá a disposición do tribunal avaliador con carácter previo á data da defensa.

O acto de defensa será presencial e só en casos extraordinarios, debidamente autorizados pola comisión académica, se permitirá a defensa virtual.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2024

A Coordinadora do Máster,
Natalia Paleo Mosquera

Documentación anexa a esta convocatoria:

Anexo III: Guía Docente TFM

Anexo IV: Informe preceptivo do titor/a

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: NATALIA PALEO MOSQUERA, NIF ***9913**, 19/11/2024 10:50:12.

CSV: E4AC-695D-4DEE-8AC4